

# REGULAMENTO DOS INSTITUTOS UNIVERSITARIOS

Este regulamento foi aprobado  
na sesión do Claustro Universitario  
celebrada o día 17 de  
decembro de 1996

# ÍNDICE

<b>TÍTULO PRELIMINAR</b>	
Artigos 1, 2, 3, 4.....	1
Artigos 5, 6.....	2
<b>TÍTULO I. DO PROCEDEMENTO DE CREACIÓN, MODIFICACIÓN E SUPRESIÓN</b>	
Artigo 7 .....	3
Artigo 8 .....	4
<b>TÍTULO II. DO TRÁMITE DA SOLICITUDE</b>	
Artigo 9 .....	5
Artigos 10, 11, 12.....	7
<b>TÍTULO III. DOS MEMBROS</b>	
Artigo 13 .....	9
Artigos 14, 15.....	10
Artigos 16, 17, 18, 19.....	11
Artigos 20, 21.....	12
Artigos 22, 23.....	13
Artigos 24.....	14
Artigos 25, 26, 27.....	15
<b>TÍTULO IV. DO RÉXIME ECONÓMICO</b>	
Artigos 28, 29.....	17
Artigos 30, 31.....	18
Artigos 32, 33, 34.....	19
<b>TÍTULO V. DO RÉXIME ACADÉMICO</b>	
Artigos 35, 36, 37.....	21

editada:

SERVICIO DE PUBLICACIÓN  
DA UNIVERSIDADE DE VIGO. 1997

imprime:

IMPRESA RIBALDE

ULO VI. DO CONTROL	
tigos 38, 39. ....	23
ULO VII. DO PRESENTE REGULAMENTO	
tigo 40. ....	25

## TÍTULO PRELIMINAR

### Artigo 1

Os Institutos Universitarios da Universidade de Vigo rexeranse no marco do sinalado na Lei Orgánica 11/1983, de 25 de agosto de Reforma universitaria e a lei 11/1989, do 20 de xullo, de Ordenación do Sistema universitario de Galicia, polo disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e no presente Regulamento.

### Artigo 2

Os Institutos Universitarios son centros fundamentalmente destinados á investigación científica, tecnolóxica ou á creación artística, que tamén poderán realizar tarefas docentes en ensinanzas especializadas ou en cursos de doutoramento, e proporcionarán asesoramento técnico no ámbito da súa competencia.

### Artigo 3

Os Institutos Universitarios, e o seu profesorado a través dos mesmos, poderán contratar con entidades públicas e privadas ou con persoas físicas, a realización das actividades que lles son propias.

### Artigo 4

As actividades dos Institutos non poderán coincidir nos dis-

tintos ámbitos de competencia coas realizadas por algún departamento ou área de coñecemento.

### Artigo 5

Os Institutos Universitarios, que terán orzamento propio, poderán ser:

- a) Propios da Universidade de Vigo
- b) Interuniversitarios
- c) Mixtos, que son aqueles creados en colaboración con entidades ou institucións públicas ou privadas, mediante convenio onde se establecerá a súa relación orgánica de dependencia das institucións colaboradoras, así como un regulamento de réxime interno, que deberá ser aprobado polas mesmas.
- d) Adscritos, que son os dependentes doutras entidades públicas ou privadas que establecerán un convenio coa Universidade de Vigo. Este convenio deberá consideralo réxime previsto para o caso de extinción destes, así como a intermediación da coordinación ou tutela dos mesmos pola Universidade de Vigo.

### Artigo 6

Os Institutos terán preferentemente un carácter multidepartamental, multidisciplinar e un certo nivel de especialización investigadora.

## TÍTULO I

### DO PROCEDEMENTO DE CREACIÓN, MODIFICACIÓN E SUPRESIÓN

#### Artigo 7

1. A creación e supresión dos Institutos Universitarios, así como a modificación do réxime xurídico dos mesmos, será acordada pola Xunta de Galicia, por proposta do Consello Social da Universidade de Vigo e despois do informe do Consello de Universidades e do Consello Universitario de Galicia.
2. Para a creación dun Instituto da Universidade de Vigo teranse en conta as características e esixencias científicas, tecnolóxicas, socioeconómicas e culturais da sociedade galega.
3. Por instancias do Consello Social, de un ou varios Departamentos ou por decisión propia, a Xunta de Goberno iniciará o procedemento de creación dun Instituto Universitario. A iniciativa tamén pode corresponder a un ou a varios grupos de investigación, con informe previo dos Departamentos ós que estean adscritos.
4. Os Consellos de Departamentos deberán informar preceptivamente da creación, modificación ou suspensión dos Institutos Universitarios, se os afectase.
5. A Xunta de Goberno da Universidade de Vigo deberá emitir informe sobre a proposta, que irá acompañada de memoria xustificativa, e que será remitida a Claustro que, de consideralo conveniente, elevaraa ó Consello Social.

### Artigo 8

A Universidade de Vigo poderá subscribir convenios con institucións ou Centros de Investigación ou creación artística de carácter público ou privado a efectos da súa constitución ou adscrición á mesma como Institutos Universitarios. Para os Institutos Universitarios adscritos, o convenio deberá ter en conta o réxime previsto para o suposto de extinción destes, así como a instrumentación da coordinación ou tutela dos mesmos pola Universidade de Vigo.

Os Institutos mixtos se crearán por convenio entre a Universidade de Vigo e Institucións públicas ou privadas.

A Universidade de Vigo poderán convir con outras Universidades a atribución de carácter interuniversitario a un instituto.

A celebración de cada convenio corresponderá ó Rector, quen, despois do informe favorable da Xunta de Goberno, o propondrá ó Consello Social para a súa ulterior tramitación consonte o artigo 10.3 da Lei de Reforma Universitaria.

## TÍTULO II DO TRÁMITE DA SOLICITUDE

### Artigo 9

A solicitude de creación, dirixida ó Rector e acompañada dun resumo no modelo normalizado, deberá incluír alomenos:

1. Proxecto de Convenio ou Convenio, se houber, entre a Universidade de Vigo e as correspondentes entidades.
2. Unha memoria xustificativa, onde se fagan referencia como mínimo ós seguintes aspectos:
  - a) Denominación, obxectivos e programas de investigación do instituto.
  - b) Xustificación das necesidades sociais, científicas ou tecnolóxicas fixadas a tales obxectivos, atendendo a interdisciplinariades e alta especialización e tendo en conta a insuficiencia da Universidade de Vigo para logralos.
  - c) Participación, no seu caso, doutras entidades, institucións e organismos de investigación nos programas e proxectos do Instituto.
  - d) Organización plurianual das actividades:
    - De investigación científica e/ou tecnolóxica
    - De creación artística
    - Docentes (programas e cursos de doutoramento ou ensinanzas especializadas)
    - Asesoría técnica.

- e) Áreas e departamentos afectados pola especial conexión con estas actividades.
- f) Proxecto de Regulamento do Instituto que especificará como mínimo:
- Os fins do Instituto e as actividades para acadalos
  - Os órganos de Goberno e administración
  - O réxime de profesorado e demais persoal
  - Os recursos previstos para a seu financiamento.
- g) Recursos humanos existentes ou previstos no momento da creación do posible Instituto, onde se especificará para o persoal, a súa dedicación, o tempo de adscrición e a dependencia ou tipo de contrato no seu caso.
- h) Recursos materiais existentes e por adquirir ou instalar (locais, laboratorios, biblioteca, mobiliario, equipos e outros recursos).

### 3. Un proxecto económico:

- a) Ingresos analizados polos conceptos que procedan:
- Contributos da(s) Universidade(s)
  - Contributos doutras entidades copatrocinadoras
  - Contributos doutros recursos externos
  - Contributos das Administracións Públicas
  - Derivados da aplicación do artigo 11 da LRU.
  - Outras fontes de ingresos.
- b) Gastos:
- Persoal
  - Gastos correntes
  - Equipamento
  - Investimentos, no seu caso.

## Artigo 10

1. A proposta de creación será sometida a información e consulta pola comunidade universitaria durante alomenos un mes. Rematado este período, abrírase un prazo de dous meses para que os promotores poidan presentar un escrito de respostas ás observacións recibidas. Á vista de toda esta documentación, a Comisión de Investigación e a Xerencia emitirán un informe que elevarán a Xunta de Goberno.

2. Para emitilo informe correspondente, a Comisión de Investigación poderá consultar ás entidades e ás persoas especializadas no ámbito científico e/ou tecnolóxico previsto polo Instituto que considere pertinentes.

## Artigo 11

A Xunta de Goberno emitirá un informe, que xunto coa memoria xustificativa, será remitido ó Claustro.

## Artigo 12

1. A Xunta de Goberno emitirá un informe considerando alomenos os seguintes puntos:

- a) Que a investigación do Instituto sexa de interese científico-tecnolóxico e social.
- b) A coordinación con outros organismos de investigación que desenvolvan actividades análogas.

- c) Actividades precedentes que poidan servir de núcleo ó futuro Instituto.
- d) A situación actual en España das actividades no campo que se trate, expectativas de futuro e posible incidencia social.
- e) Carácter interdisciplinar dos Programas de Investigación propostos e as garantías do fomento da investigación e desenvolvemento.
- f) Outras actividades proxectadas (Terceiro Ciclo, Máster, Asesoramento Técnico, Cursos de Especialización, etc.).
- g) As áreas de coñecemento e Departamentos que quedarían afectados pola creación do Instituto en cuestión.
- h) Os recursos humanos existentes.
- i) Os recursos materiais existentes e por adquirir ou instalar.
- j) O financiamento:
  - Orzamento universitario
  - Transferencias (correntes ou de capital) doutras institucións públicas ou privadas
  - Posibles recursos a xerar.

## TÍTULO III

### DOS MEMBROS

#### Artigo 13

1. Os Institutos Universitarios poderán adscribir, para a realización das súas actividades, a persoal dos Departamentos da Universidade de Vigo. Para a realización de programas concretos, poderán contratar temporalmente en réxime laboral ou de arrendamento de servizos outro persoal investigador.

2. En todo caso, o persoal dos Departamentos seguirá integrado nos mesmos para o debido cumprimento das súas obrigas docentes e investigadoras.

3. A adscrición do persoal da Universidade a un Instituto, por proposta do Consello de Departamento, enténdese tanto para o labor investigador como docente. En caso de negativa por parte do Departamento á adscrición do persoal deberá xustificarse con argumentos razoados. En caso de litixio mediará a Xunta de Goberno.

4. Os axudantes poderán colaborar temporalmente nos Institutos logo da autorización do Departamento correspondente.

5. O persoal mínimo previsto para un Instituto queda establecido en doce investigadores e técnicos, dos que sete, alomenos, serán doutores e un administrativo.

## Artigo 14

Sen prexuízo de poder contar con persoal propio, o persoal do Instituto estará formado por:

1. O persoal docente e investigador dos Departamentos.
2. O persoal titulado superior da(s) Entidade(s) patrocinadora(s) adscrita(s) ó Instituto.
3. Persoal do CSIC ou doutros centros públicos ou privados con interese en investigación e desenvolvemento.
4. Persoal contratado especificamente para programas de investigación.
5. Bolseiros de investigación.
6. Persoal de Administración e Servicios que será persoal propio da Universidade de Vigo adscrito ó Instituto e cun mínimo dunha persoa con cargo ós orzamentos xerais da Universidade de Vigo.

## Artigo 15

1. A actividade investigadora do persoal adscrito ó Instituto, dentro do mesmo non computará para os efectos de axuda á investigación dos Departamentos.
2. A adscrición do persoal ó Instituto limitárase no tempo (5 anos máximo ou o que dure o correspondente programa de investigación) e, no seu caso, renovable.

## Artigo 16

O persoal investigador, integrado nos Departamentos da Universidade de Vigo, que colabore nun Instituto, poderá ter unha dedicación máxima ó mesmo de 32 horas semanais.

## Artigo 17

Os Institutos poderán contar con membros honorarios de entre aquelas personalidades de recoñecido prestixio, que se destacaran polas súas investigacións nos campos cultivados polo Instituto. Ditos membros serán nomeados polo Rector, a proposta do Consello do Instituto, ou do Padroado, de se-lo caso.

## Artigo 18

Cada Instituto terá un Director/a, un Secretario/a e un Consello.

## Artigo 19

O Consello do Instituto estará composto por:

- a) Tódolos profesores e axudantes vinculados ó Instituto.
- b) Unha representación electa do persoal titulado superior non docente das entidades patrocinadoras, se as houberse, que se especificará no convenio.



- c) Unha representación dos bolsellos de investigación do mesmo, que será como máximo do 20%.
- d) Unha representación do persoal de Administración e Servicios que será como máximo do 9%.
- e) Unha representación dos alumnos de terceiro ciclo, se os houberse, que será como máximo dun 10%.

### Artigo 20

A elección dos representantes dos distintos sectores no Consello do Instituto realizarase mediante sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto entre os colectivos correspondentes, segundo as normas electorais que a tal fin aprobará o Claustro Universitario..

### Artigo 21

Serán funcións do Consello, alomenos, as seguintes:

- a) Coñecer e de se-lo caso, aproba-lo orzamento anual do Instituto.
- b) Propo-la estrutura do Instituto.
- c) Coñecer e de se-lo caso, aproba-los proxectos de investigación e docencia do Instituto.
- d) Responsabilizarse dos procedementos de avaliación do alumnado.

- e) Elixir e apartar do cargo ó Director/a do Instituto.

- f) Asesorar ó Director/a do Instituto.

- g) Elevar á Xunta de Goberno ás propostas de nomeamento por un período de tempo limitado, dos investigadores colaboradores ou bolsellos que o axuden a cumprí-los fins en plans concretos de investigación.

### Artigo 22

O Consello reunirse con carácter ordinario, alomenos, unha vez ó semestre cando o decida o Director/a do mesmo ou o solicite o 25% dos seus membros.

### Artigo 23

1. O Director/a do Instituto ostentará a representación do mesmo e será nomeado polo Rector a proposta do Consello.

2. O Director/a será elixido polo Consello do Instituto segundo o proceso seguinte: en primeiro lugar procederase a votar ós candidatos que sexan catedráticos de Universidade. De non haber ningún candidato que obteña máis votos afirmativos ca negativos, efectuarase outra votación na que entrarán tamén os demais candidatos doutores. De non obter ningún deles máis votos afirmativos ca negativos, procederase a última elección na que se poderán presenta-los candidatos non doutores. O candidato elixido deberá acadar maioría absoluta. En todo caso, os candidatos deberán ser profesores con dedicación a tempo completo. Se nun Instituto non se puidese realiza-la elección, a

Xunta de Goberno, oído o Consello do mesmo, arbitrará as medidas provisionais oportunas.

3. O Director/a serao por un período de tempo de tres anos con posibilidade dunha soa reelección. Tras dous mandatos consecutivos deberán transcorrer tres anos para poder volver a presentarse para o mesmo cargo. Excepcionalmente, a petición razoada do Consello do Instituto, a Xunta de Goberno poderá permitir unha segunda reelección consecutiva.

4. O Director/a do Instituto cesará por pedimento propio, pola aprobación dunha moción de censura do órgano que o elixiu ou por remata-lo período para o cal foi elixido.

#### Artigo 24

Son funcións do Director/a do Instituto:

- a) Convocar e presidi-lo Consello.
- b) Executa-los acordos adoptados polo Consello e velar polo seu cumprimento.
- c) Organizar e coordinar, de conformidade co Consello, os medios persoais e materiais dos que se dispoña para que se cumpran os obxectivos do Instituto.
- d) Elabora-lo proxecto de orzamento e autoriza-los gastos dentro das previsións do mesmo.
- e) Coordina-la elaboración da memoria anual das actividades desenvolvidas polo Instituto.

- f) Tódalas tarefas que non estean expresamente atribuídas a outros órganos de goberno.

#### Artigo 25

O Director/a propondrá entre os profesores con dedicación a tempo completo do Instituto a un Secretario/a, correspondendo ó Rector o nomeamento do mesmo.

#### Artigo 26

Son funcións do Secretario/a do Instituto:

- a) Levantar acta das sesións do Consello.
- b) Expedi-las certificacións que lle correspondan e tramita-las respostas.
- c) Coida-lo arquivo e a documentación do Instituto.
- d) Exercer, por delegación do Director/a, a coordinación do persoal adscrito ou contratado de Administración e Servicios do Instituto.

#### Artigo 27

1. O funcionamento dos Institutos Universitarios estará regulado por un Regulamento de réxime interno aprobado pola Xunta de Goberno, de modo que todo o persoal vinculado ó Instituto estará suxeito ó mesmo.

2. O Regulamento do Instituto poderá ser modificado a iniciativa do 30% dos membros do Consello, despois do informe ó mesmo, e a proposta de modificación deberá ser remitida á Xunta de Goberno da Universidade de Vigo para a súa aprobación, se procede.

## TÍTULO IV DO RÉXIME ECONÓMICO

### Artigo 28

1. Os Institutos Universitarios terán o seu orzamento de ingresos e gastos, que se integrará no Orzamento xeral da Universidade de Vigo.
2. Será elaborado anualmente polo Director/a e someterase á aprobación do Consello e posteriormente será remitido ó Rectorado da Universidade para a súa aprobación.
3. Cos mesmos requisitos procederase á aprobación da liquidación do orzamento. A Xerencia da Universidade dictará cantas normas aclaratorias sexan precisas para a liquidación do orzamento do Instituto.

### Artigo 29

A xestión ordinaria do orzamento corresponde ó Director/a do Instituto, que ademais será o administrador do mesmo, de acordo coas directrices da Xerencia da Universidade de Vigo.

Corresponde ó Director/a, a proposta de pagos do Instituto.

**Artigo 30**

Serán ingresos do Instituto:

- a) As asignacións orzamentarias do Convenio, se as houber.
- b) As taxas por cursos e os derivados da aplicación do artigo 11 da LRU.
- c) As cantidades que puidesen derivarse de peritaxes, prestacións de carácter técnico, así como calquera outro servizo a entidades públicas ou privadas e persoas naturais.
- d) Os beneficios que puidesen existir da venta das súas publicacións, explotación das súas patentes, modelos de utilidade e modelos industriais.
- e) As subvencións, doazóns, legados e axudas de todo tipo outorgadas por entidades públicas ou privadas e persoas naturais.
- f) As cantidades que no orzamento da Universidade se adscriban ó Instituto destinadas a retribución do persoal administrativo adscrito ó mesmo e a casos excepcionais que se deberán cualificar e cuantificar de forma experta e razoada antes de que a Universidade, de se-lo caso, o acepte.

**Artigo 31**

Tódalas doazóns feitas ou que se fagan ó Instituto enténdense referidas á Universidade de Vigo e adscritas totalmente ó cumprimento dos fins do Instituto.

Para a aceptación de doazóns onerosas será requisito necesario o informe favorable do Consello e o acordo expreso da Xunta de Goberno da Universidade.

**Artigo 32**

A instrumentación e demais medios materiais adquiridos con cargo ó orzamento do Instituto adscribiranse unicamente ó servizo deste, sendo todos eles propiedade da Universidade de Vigo. De tódolos medios dispoñibles existirá un inventario sempre actualizado.

**Artigo 33**

Cada ano calcularanse pola Xerencia da Universidade de Vigo os custos indirectos de locais e servizos comúns utilizados polo Instituto que sexan propiedade da Universidade de Vigo, liquidándose estes con cargo ós ingresos do mesmo e dentro do exercicio contable.

**Artigo 34**

Deberá existir unha dotación orzamentaria mínima do Capítulo I asignada ó Instituto, para que poidan definirse os custos do persoal investigador adscrito ó mesmo. Esta dotación orzamentaria non debe entenderse como cadro de persoal propio do Instituto xa que o persoal investigador numerario contabilizará na área de coñecemento correspondente e o contratado o será en función do carácter temporal do Instituto.

## TÍTULO V DO RÉXIME ACADÉMICO

### Artigo 35

1. Os Institutos Universitarios poderán realizar actividades docentes referidas a dispensar Programas de Terceiro Ciclo e cursos de especialización ou ensinanzas de postgrao.
2. Estas ensinanzas deberán estar relacionadas cos Programas de Investigación do Instituto. En todo caso, deberán atermos ó disposto na Normativa da Universidade de Vigo, que desenvolve a aplicación do artigo 11 da Lei de Reforma Universitaria.

### Artigo 36

O Instituto Universitario poderá organizar, con cargo ó seu orzamento, conferencias ou ciclos de conferencias, simposios e demais manifestacións científicas.

### Artigo 37

1. Os Institutos Universitarios poderán dispensar Planos de Estudio propios, dependentes da Universidade de Vigo, de acordo cos artigos 28.3 e 29 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de Reforma Universitaria.
2. Os titulados universitarios que seguiran no Instituto Universitario os cursos correspondentes e superen unha proba

de aptitude, coa forma que determinará a Xunta de Goberno ou o Padroado, se o houbese, poderán obter un Certificado-Diploma no Plano de Estudos que dispense o Instituto, que expedirá o Rector da Universidade de Vigo, por proposta do Director do Instituto Universitario, quen tamén o asinará.

## TÍTULO VI DO CONTROL

### Artigo 38

1. A partir do primeiro ano de funcionamento e durante o mes de xaneiro, o Instituto presentará á Xunta de Goberno unha memoria anual na que se consignen as actividades desenvolvidas, as publicacións científicas dos seus membros, os ingresos e gastos realizados durante o ano anterior. A xunta de Goberno poderá somete-la memoria ó dictame de expertos propios ou alleos á Universidade de Vigo. En todo caso, este dictame ou avaliación practicarase obrigatoriamente cada 5 anos, e será remitido ó Claustro. Nese intre, o Claustro revisará a conveniencia de que continúen as actividades do Instituto e, de se-lo caso, o interese da Universidade por participar nel.

### Artigo 39

A partir do primeiro ano de funcionamento, o Instituto presentará no mes de Decembro unha proposta de orzamento para o ano seguinte.

## TÍTULO VII

### DO PRESENTE REGULAMENTO

#### **Artigo 40**

Corresponderá á Xunta de Goberno da Universidade de Vigo a facultade de interpreta-lo presente Regulamento e dicta-las pertinentes normas aclaratorias.